

- Inodoro: 83,79
- Baño compl.: 348,56

- 28. m² construción escaleira: 41,90
- 29. m² Apertura de oco: 6,98

VARIOS

- 30. m² Toldo: 69,82
- 31. m² Marquesiña: 209,49
- 32. m. Cala: 34,92
- 33. ud. entrada carruaxes: 17,79
- 34. m² rótulo opaco saínte: 314,25
- 35. m² Rótulo opaco adosado: 244,39
- 36. m² Rótulo luminoso saínte: 418,98
- 37. m² Rótulo luminoso adosado: 384,07
- 38. m² Carteleira publicitaria: 31,43
- 39. ud. instalación grúa: 698,30

MÓDULOS DE CONSTRUCCIÓN

- 40. m² de vivenda unifamiliar no rural: 691,32
- 41. m² de chalé: 755,31
- 42. m² edificio de vivendas de P.O.: 628,57
- 43. m² edificio de vivendas libres: 628,57
- 44. m² de nave industrial: 243,99
- 45. m² Obras de reforma: 220,75
- 46. m² Sotos e Locais comerciais: 249,80

PECHES

- 47. m. de aramado con postes: 24,44
- 48. m. de bloques de formigón: 24,40
- 49. m. de pedra: 104,56

MURO CONTENCIÓN.

- 50. m³ muro contención: 174,28

CUARTO DE BAÑO.

- 51. m² construción cuarto de baño: 691,32

GALPÓNS.

- 52. m² construción de galpón: 110,39
- 53. m² demolición de muros: 55,86

IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

- Anos 1 a 5: 3,21
- Ata 10 anos: 2,83
- Ata 15 anos: 2,72
- Ata 20 anos: 2,72

ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**“ARTIGO 1º.**

1.—De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable neste municipio queda fixado nos seguintes termos:

- a) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,40 % sobre a base liquidable tal e como e definida nos artigos 66 e seguintes do Texto Refundido.
- b) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado no 0,30 % sobre a base liquidable tal e como e definida nos artigos 66 e seguintes do Texto Refundido.

c) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable ós bens inmóbles de características especiais, queda fixado no 1,3 % sobre a base liquidable tal e como e definida nos artigos 66 e seguintes do Texto Refundido

2.—Ós inmóbles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, aplicaráselles un recargo do 50% na cota líquida do imposto.

Entenderanse como desocupados aqueles inmóbles que cumpran algunha das condicións seguintes:

- Non estén dados de alta no servizo de suministro de auga ou teñan un promedio de consumo trimestral inferior a 0.10 metros cúbicos/día,
- Sexan vivendas manifestamente desocupadas ou inhabitables. Entenderase que unha vivenda está ocupada se nela figura empadroada, cando menos, unha persoa.

O Concello elaborará un censo de vivendas desocupadas a efectos de aplicación deste recargo.

Os suxeitos pasivos deberán presentar declaración de alta neste censo no prazo de un mes desde que a vivenda quede desocupada.

O Concello poderá incluír de oficio no censo de vivendas desocupadas a aquelas que reúnan as condicións sinaladas no presente artigo, a cuxo efecto se instruírá un expediente, que será notificado ó interesado a efectos de que presente as alegacións que estime oportunas, poñéndolle de manifesto os medios de proba obrantes no mesmo. Rematada a fase de instrución elaborárase proposta de resolución, que será notificada ó interesado ofrecendo trámite de audiencia, e unha vez rematado, elevarase para o dictado de resolución definitiva, que será notificada ó interesado.

O presente recargo devéngase o 31 de decembro de cada exercicio, xestionándose o cobro xuntamente co imposto correspondente ó exercicio seguinte.

3.—Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, os bens inmóbles que constitúan o obxecto da actividade de de empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a ésta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado

Esta bonificación deberá solicitarse antes do inicio das obras, e comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquél en que se inicien as obras ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectivas, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

4.—Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os sete períodos impositivos seguintes ó remate do último exercicio en que se aplique a bonificación obrigatoria regulada no artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a éstas de acordo co establecido na normativa da Comunidade Autónoma, nas mesmas condicións, de xeito que o período total bonificado se extende a un total de dez exercicios

Esta bonificación concederase a petición do beneficiario, surtindo efectos a partires do exercicio seguinte ó da solicitude.

En todo caso, perderase o dereito á bonificación en caso de que a vivenda perda a cualificación de protección oficial ou equiparable.

ARTIGO 2º.

O Concello de Cangas esixirá este tributo de acordo co establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as disposicións que as desenvolvan, e as demais normas xerais do Estado que regulan a materia.